




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: O Grove. Parroquias: San Vicente do Grove. Extensión: 3,45km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa na que suceden áreas de microacantilados e praias de cantos e area, cun perfil extremadamente recortado no que se observan numerosos illotes froito do retroceso diferencial ante o desmantelamento de formas graníticas moi fracturadas. Os sectores sedimentarios alcanzan maior significación na costa norte onde destacan as praias de O Carreiro e Area Grande con cordóns dunares asociados. A vertente costeira forma unha paisaxe irregular e ondulada con pequenas elevacións que resaltan na superficie granítica erosionada, e na que son frecuentes os afloramentos de roca a modo de grandes birlos e relevos dómicos e acastillados.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A maior parte da unidade pertence ao dominio das rocas graníticas de afinidade calcoalcalina, aínda que cabe chamar a atención sobre as bandas de rocas metamórficas vinculadas ao Complexo de Cabo Home – A Lanzada. Trátase de micaxistos, cuarzoaxistos e paragneises dispostos de noroeste a sueste ao norte da Enseada da Castiñeira, e ao sur da unidade. Ao sur da enseada aparecen depósitos coluviais dos relevos circundantes, recubertos en certos puntos por áreas de praia.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A costa de San Vicente rexistra unha temperatura media anual que supera os 15°C e precipitacións acumuladas durante o ano de 1200mm a 1400mm. A oscilación térmica alcanza valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Por iso o ambiente climático é Cálido e Húmido.

OS SOLOS

Fachada costeira con tramos cantís baixos e áreas sedimentarias intercaladas nas que se desenvolven areosos álbicos e háplicos. O interior está formado por cambiosos dísticos nos sectores aplanados e umbrisois e leptosois líticos alí onde a pendente increméntase e onde aflora en superficie o substrato granítico.


AS AUGAS

A Costa de San Vicente caracterízase por presentar unha litoloxía rochosa, cunha lixeira inclinación cara á liña de costa ao oeste. Nesta zona de pequena extensión a penas se desenvolven regatos de importancia, aínda que si poden observarse durante as épocas de maior pluviosidade, pequenos cursos nas proximidades das praias de Castiñeira e Borreiro. A unidade atópase bañada pola masa de Augas Costeiras 20150.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna mariña das Rías Baixas. A chaira costeira, vertentes baixas e liña de costa están incluídas no LIC Complexo Ons-O Grove. Costa mixta na que sectores de cantís baixos dan paso a praias de talla media con zonas dunares, parcialmente remontantes, de diferentes tallas. Así, os tramos cantís achegan os hábitats 1230 de cantís mariños atlánticos e 4040, breixeiros secos costeiras atlánticas de Erica vagans. Tamén nestes sectores aparecen afloramentos rochosos (especialmente no extremo sur da unidade) cos ambientes de pendentes con vexetación casmofítica (grupo 82). Nas zonas areosas é posible destacar os hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas. En ambos tipos de costa, está presente o hábitat 1210 (en praia alta e coídos), vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. Cara ao interior, nas valgadas e alvéolos costeiros aparecen interesantes masas ripícolas (91E0). Son bos exemplos as existentes tralas praias do Carreiro, Castiñeira e Borreiro.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A costa presenta un perfil recortado e mixto de praias e pequenos cantís rochosos, os seus numerosos areais danlle un alto valor dende o punto de vista turístico. Así o demostra a presenza de dous cámpings ao norte e sur da unidade, así como algúns hotéis e establecementos hostaleiros repartidos por toda a superficie de forma illada ou entre outras edificacións aproveitando o potencial que posúe esta zona para o goce de actividades de lecer e turismo. En xeral non se atopa tan explotada como outras superficies da península do Grove, o uso residencial preséntase en pequenos núcleos e novos asentamentos pouco densos, o mesmo ocorre co parcelario agrícola que se ve superado pola superficie arborada, repartida por toda a unidade en masas de piñeiro marítimo. Destaca a extensa área militar ao sur, contigua á praia de Canelas.

MORFOLOXÍA

Destacan varias tipoloxías construtivas. A máis común é a dos núcleos tradicionais que se dá en San Vicente, Cacheiras e Outeiro, predominan as vivendas unifamiliares compostas de baixo e planta, que se mesturou cos novos asentamentos, estes últimos introducen maior variedade tipolóxica nas formas e volumes das construcións. As novas urbanizacións e os asentamentos espontáneos aínda presentan maior diversidade, principalmente compostos de vivendas unifamiliares a illadas de forma dispersa nalgúns zonas da franxa costeira, a maior densidade construtiva dáse na Igrexa e na periferia da urbanización de Pedras Negras. Entre as praias de O Carreiro e Area Grande situadas ao norte da unidade, destacan construcións de antigas fábricas de salga actualmente usadas como vivendas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A PO-317 é a estrada principal de San Vicente do Grove, a rede secundaria compoñena outras estradas que enlazan os diferentes núcleos e asentamentos, entre as que destaca a PO-9106. O resto da rede viaria da unidade compoñeno pistas asfaltadas e camiños de terra, ben para articular o parcelario agrícola ou ben transcorrendo sinuosos en dirección á costa dando acceso ás praias. Destaca a existencia dun paseo marítimo de madeira que bordea o litoral dende Pedras Negras até a praia de Canelas, este itinerario continua pegado á liña costeira en forma de camiños de terra e area até chegar á praia de Barreiro.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Do patrimonio cultural destaca a arquitectura relixiosa como a casa reitoral, o cruceiro e a igrexa de San Vicente do Grove. O patrimonio arqueolóxico vén representado pola presenza de antigos asentamentos como mostra o castro do Carreiro, pero sobre todo polo depósito de Adro Vello, que en capas superpostas presenta unha vila romana, unha necrópole de inhumación, a planta dunha igrexa visigótica e elementos dunha fortificación da Baixa idade Media feita como protección ante posibles agresores que chegasen por mar. Como representación do patrimonio industrial marítimo destacan as antigas fábricas de salga nas praias do Carreiro e de Barreiriño. As festas patronais en honor a San Vicente celébranse o 21 e o 22 de xaneiro, tamén a festa tradicional do Sacramento e a de San Xoán o 23 de xuño.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O crebado perfil costeiro da unidade da resguardo ás numerosas praias que converten esta unidade nun enclave de gran potencial turístico. A súa situación xeográfica na parte máis occidental da península do Grove permitiu que as paraxes que engloba esta unidade presenten menor grao de alteración que outros puntos do mesmo municipio costeiro. Os núcleos manteñen o carácter rural propio dos pobos costeiros da ría de Arousa vinculados ás actividades propias do sector primario, como a pesca e a agricultura ata que chega a tempada estival e se renovan as actividades principais en torno ao sector turístico como a hostalería, o cámping e os aloxamentos hostaleiros. Os diversos asentamentos ofrecen unha segunda residencia, incrementándose considerablemente a poboación durante esta época do ano.

DINÁMICA DA PAISAXE

Mantense estabilidade na paisaxe grazas á súa localización relativamente illada na parte máis occidental da península do Grove, que se sitúa na boca da ría de Arousa. Obsérvase un progresivo abandono do cultivo agrícola que foi ocupado por vexetación, principalmente matogueira e arboredo. A maior alteración produciuse ao sur, na área de influencia da urbanización de Pedras Negras que motivou a proliferación de asentamentos espontáneos, así como noutros puntos da franxa costeira que se viron modificados por diversas construcións de tipo residencial.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta unidade destaca pola súa localización na parte máis occidental da península do Grove, a fisiografía suave e a súa costa baixa de perfil recortado alterna áreas de microacantilados e praias de cantos e area, así como pequenos illotes que en conxunto lle confiren un gran valor dende o punto de vista paisaxístico e que mantén unha boa conservación como enclave natural. As súas praias actúan como reclamo turístico, que unido a estas circunstancias convérteno nunha paisaxe óptima para o goce das actividades de lecer durante a tempada estival, a existencia dunha praia nudista de certa entidade na ría outorga maior singularidade a esta paisaxe. O seu potencial ecolóxico vén determinado pola súa pertenza ao IBA Contorna mariña das Rías Baixas, e a inclusión da chaira costeira, vertentes baixas e liña de costa no LIC Complexo Ons-O Grove. Destacan as praias do Carreiro e Area Grande con cordóns dunares asociados, tamén a paraxe de Con Negro e en xeral a franxa litoral conserva densos piñeirais e matogueira que axudan a manter esta paisaxe pouca alterada, os numerosos "cons" que forman as pedras redondeadas repartidas pola franxa costeira ofrecen formas singulares entre as diversas puntas e praias da fronte costeira. Os numerosos promontorios na liña costeira permiten panorámicas abertas das rías de Arousa e de Pontevedra, as illas de Ons e Sálvora. Escoléronse diversos puntos de observación aproveitando nas puntas de Aguieira, San Vicenzo e no miradoiro da praia da Barrosa. Este recortado perfil introduce un factor de contraste con respecto á baixa cota predominante no relevo litoral da unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS


















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



